

XXV CONFERENCIA ANUAL PLÁCIDO CASTRO

Catoira, 25 de xaneiro de 2024

Plácido Castro e a tradición do liberalismo político no galeguismo: un horizonte de futuro

por Antón Baamonde



XXV Conferencia Anual Plácido Castro

Catoira, 25 de xaneiro de 2024

Plácido Castro e a tradición do liberalismo político
no galeguismo: un horizonte de futuro
por Antón Baamonde

Depósito legal: VG 139-2024

Maquetación: BREO.gal

Impresión:

Tiraxe: 300 exemplares

A impresión desta XXV Conferencia Anual Plácido Castro
contou coa colaboración do Concello de Catoira

Coa coordinación de IGADI

Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional

<https://www.igadi.gal>

Índice

Presentación de Xoán Castaño, alcalde de Catoira	7
Palabras de Susi Castro, presidenta da Fundación Plácido Castro	9
Plácido Castro e a tradición do liberalismo político no galeguismo: un horizonte de futuro, por Antón Baamonde.....	11
Anexos	
As 25 conferencias anuais	39
A Fundación Plácido Castro.....	42
Esbozo biográfico	44

PRESENTACIÓN DE XOÁN CASTAÑO, ALCALDE DE CATOIRA

É unha gran satisfacción para toda a nosa veciñanza e para min mesmo, Xoán Xosé Castaño Conde, Alcalde do Concello de Catoira, poder acoller esta XXVª Conferencia Anual Plácido Castro. Así, vaia por adiante o noso agradecemento á fundación e á súa presidenta Susi Castro por facernos chegar esa proposta considerando que ademais esta será a derradeira Conferencia a realizar co formato iniciado hai 25 anos.

Nesta ocasión, para ese broche final, contamos co filósofo e escritor Antón Baamonde, un dos máis lúcidos pensadores da Galicia contemporánea.

Colaborador habitual en diversos medios de comunicación, ten formado parte de consellos de redacción de revistas como Luzes de Galicia. Tamén participa na Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega, é asesor da Fundación Carlos Casares e membro do Padroado de RadioFusión. Baamonde é autor dunha importante obra ensaística en lingua galega que inclúe títulos como *"Aire para respirar. Memorias dun tempo presente"* (2002) ou *"Unha nova Olanda. De Ferrol ao Porto: as cidades galegas e o norte de Portugal no escenario global"* (2021), entre moitas outras publicacións, incluíndo as numerosas obras colectivas nas que ten participado.

En castelán ten publicado obras como *"El laberinto y sus salidas"* (1998). Madrid: Tecnos; *"La reinvención de España: una radiografía de la España de hoy"* (2001), Barcelona: Ronsel; ou *"La rosa sin por qué"* (2001). Valencia: Pre-textos.

Baamonde vainos pormenorizar na visión de Plácido Castro e das xentes da súa xeración galeguista para a transformación e modernización de Galicia, a interpretación da realidade galega e o papel das clases medias e os idearios políticos vixentes para reafirmar unha redistribución do poder cun horizonte razoable que permita preservar e desenvolver a nosa identidade nacional.

A maiores, non quero obviar a estreita relación de Plácido Castro coa nosa marca máis internacional, a Romaría Viuinga. En 1961, xa de volta de Londres onde traballara para a BBC, con Luís Bouza Brey, a quen lle unía unha fonda amizade, e Máximo Sar, promoveu activamente a realización da Romaría Viuinga de Catoira.

O propósito consistía en rememorar un dos mais sinalados feitos da historia local, a chegada, dez séculos atrás, ao lugar onde se elevan as Torres do Oeste duns viuingos invasores, capitaneados polo temible Ulfo, e a milagrosa conversión de tan feroz pirata grazas á elocuencia do Bispo Cresconio.

Reunidos no "Ateneo del Ullán", en plena cantina da estación de Renfe, organizaban conferencias e outras actividades de carácter literario. Hipólito de Sá comentou que uns meses antes do seu pasamento (1967), Plácido andaba a cavilar sobre a orientación literaria que cumpría dar á conmemoración viuinga co obxecto de asegurar a perpetuación dunhas ruínas, as Torres do Oeste, tan vencelladas á historia medieval da Sede compostelá. Mesmo chegou a rememorar cancións viuingas a modo de himnos para a ocasión. No pregón da Romaría de 1967, celebrada unhas semanas despois do seu pasamento, Otero Pedrayo faría unha sentida lembranza da súa persoa e figura.

Plácido Castro tiña fondo coñecemento das linguas nórdicas e dos seus dialectos, e coñecía tamén as lendas e mitos daquelas culturas en razón da súa ampla e distintiva formación no Reino Unido dende idade temperá. Foi por iso clave na formulación desta iniciativa da Romaría Viuinga e o seu selo persoal e intelectual marcouna de principio e de forma moi destacada.

Tamén por todo isto, quixera deixar constancia da vontade do concello de Catoira de colaborar de forma máis institucionalizada coa Fundación Plácido Castro e así poder nun futuro próximo anunciar a plena incorporación do concello ao padroado da fundación.

Xoán Xosé Castaño Conde
Alcalde de Catoira

PALABRAS DE SUSI CASTRO, PRESIDENTA DA FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

Quixera transmitir o agradecemento da fundación ao concello de Catoira e ao alcalde Xoán Castaño pola súa hospitalidade e apoio para a celebración desta conferencia anual. Esperamos tamén que esta sexa a primeira dunha serie de actividades que culminen coa súa implicación activa na fundación, honrando así os estreitos vínculos de Plácido Castro coa vila da romaría viuinga que tanto axudou a conformar.

Levamos, con esta, 25 edicións das conferencias anuais. Esta será a derradeira. Nestes últimos 25 anos fomos fieis a un enfoque que poñía o acento en tres ideas principais: reivindicar a figura, afondar nalgún aspecto da súa traxectoria e contribuir á formación dunha masa crítica de entusiastas de Plácido Castro. Estes tres obxectivos cumpríronse adecuadamente ampliando o noso coñecemento, incrementando o nivel de sensibilización e tamén de recoñecemento da importancia e singularidade do noso autor.

Nestes anos, abordamos moitos temas e contamos para iso con un amplo elenco de figuras da nosa cultura (a relación detallada vai no anexo). Trátase, en suma, dun capital cultural a disposición de toda a sociedade galega que, ao tempo, representa un activo esencial para dinamizar os obxectivos fundacionais da entidade.

Noso agradecemento sincero a todos cantos achegaron a súa complicitade e fixeron posible este nobre empeño.

Susi Castro Sineiro
Presidenta da Fundación Plácido Castro

PLÁCIDO CASTRO E A TRADICIÓN DO LIBERALISMO POLÍTICO NO GALEGUISMO: UN HORIZONTE DE FUTURO

Por Antón Baamonde

Moitas grazas en primeiro lugar á Fundación Plácido Castro, a Susi Castro e a Xulio Ríos, a quen coñezo de hai case cincuenta anos –dá vergoña dicilo- cando os dous eramos de ERGA -creo que aínda non morrera o ditador- e intentabamos organizar unha campaña de boicot á selectividade. Tempos aqueles!

Grazas, tamén ao Concello de Catoira e a vós por estardes esta tarde comigo para lembrar a figura de Plácido Castro e intentar divisar un anaco de futuro a través do prisma dun aspecto do seu pensamento: a simpatía polo liberalismo político.

Non sabía que esta XXV conferencia era tamén a última.

Iso dáme un non-sei-que de responsabilidade...

Galeguismo, liberalismo, federalismo nun estado plurinacional.
Un reino perdido. Un fío vermello a recuperar.

I) Introducción. Unha paisaxe

Plácido Castro naceu en 1902. O miolo da súa vida política transcorreu entre a segunda e a terceira década do século XX, ou sexa entre o final da Primeira Guerra Mundial e o comezo da Segunda. Ese foi o contexto do seu protagonismo político.

A Primeira Guerra Mundial era unha guerra que non ía suceder. Na conciencia da época, o teléfono e os automóviles, sumados ao comercio global, deixaban atrás esa hipótese. No en tanto, sucedeu. Máis de dez millóns de mortos e catro imperios destruídos: o alemán, o austro-húngaro, o ruso e o otomán.

Daquela guerra saíu a idea da Sociedade de Nacións, inspirada pola doutrina Wilson que buscaba instaurar unha nova orde mundial. A fragmentación do sistema imperial destapou un mosaico de nacionalidades que pretendían alcanzar a estatalidade, seguindo a doutrina wilsoniana da democracia e a autodeterminación. Apareceron en Europa novos Estados como as Repúblicas bálticas, Checoslovaquia, Hungría, Romanía, Bulgaria, Iugoslavia, Albania, Grecia.

Outros Estados europeos xa existentes, pero minguados ou invadidos como Polonia ou Bélxica, saíron reforzados de Versalles, co principio de integridade territorial. Irlanda, un caso especial, accedeu á independencia despois do avatar do Estado Libre Asociado.

Foi un período marcado, pois, por dous eixos: un, a Doutrina Wilson, que despois da Conferencia de Versalles intentaba, xa que non solucionar, polo menos ofrecer unha plataforma de evitación do conflito entre as nacións europeas despois do colapso de catro imperios.

O segundo eixo foi o ascenso do fascismo.

En Galicia, o Partido Galeguista, en relación con vascos e cataláns, buscaba tamén o recoñecemento de Galicia como nación. Era un contexto internacional no que a causa dos nacionalismos subestatais parecía ter unha oportunidade.

E así sucedeu. No Congreso das Nacionalidades, organismo satélite da Sociedade de Nacións, en 1933, en Berna, Plácido Castro operou, con éxito, como diplomático do nacionalismo. Foille recoñecido o status de nacionalidade a Galicia.

Foi un éxito do nacionalismo galego pero, en especial, daquel rapaz educado en Glasgow e absolutamente anglófilo, simpatizante do Partido Liberal de Lloyd George e Asquith. A Gran Bretaña foi o lugar onde estudou, pero tamén onde aprendeu os valores do liberalismo e dunha sociedade tolerante e plural. Os dous aspectos que tendemos a relacionar, correctamente, co liberalismo.

Non sabemos nin cando, nin exactamente como, pero Plácido Castro tiña entrado, nalgún momento dos anos vinte, en contacto con Antón Villar Ponte para adherir ao galeguismo e, acto seguido, desempeñar un importante papel no seu universo.

Entendamos a mensaxe que nos pode transmitir Plácido Castro. Ao fin e ao cabo, estamos nun momento no que podemos establecer unha certa analoxía, esperemos que infundada, co seu tempo: o que os une é a falta de estabilidade, o feito de seren épocas de recomposición e un horizonte con certas ameazas.

A URSS hai trinta anos que caeu, e con ela toda unha arquitectura mundial que, dalgún xeito paradoxal, ofrecía estabilidade. Ata podería dicirse que coa URSS desapareceu moito máis: pode afirmarse que, nun certo sentido, a fase do movemento obreiro, que marcou a historia entre mediados do XIX e fins do XX quedou atrás. O comunismo é hoxe unha pantasma ou unha parodia. O capitalismo non ten exterior: non hai nada fóra del.

No plano da xeopolítica, estamos máis antes de 1914 que na estabilidade do período da Guerra Fría. A tectónica de placas entre o Norte en declive e o Sur global encerra enormes perigos.

Existe un retorno da vontade Imperial, un pouco por toda parte, e do combate polas áreas de influencia. A doutrina do “espazo vital” regresa doutras maneiras, confundida cos tratados co-

merciais. Desexo de ser Imperio: Imperio Otomán, Imperio Persa, Imperio Ruso -a retórica de Putin da Rusia eterna- e, por suposto, o Imperio que nunca se foi: a doutrina estadounidense que resume o lema MAGA, *Make America Great Again*.

Este último é a expresión dun imperialismo en devalo que ten na competencia con China, a superpotencia en ascenso, o seu conflito principal. Tamén ela, a China, coa súa paciencia, quere volver a ser o Imperio do Centro. Ten na súa memoria as guerras do opio e a humillación por Occidente. Queira Deus que eses movementos tectónicos non nos leven a un novo período de guerras nin, moito menos, ao *Armageddon*.

Podería irse máis aló. Aludir, mesmo, a unha variación no Espírito do Tempo. A ilustración está en crise, substituída polo ruído e a furia das redes e a planicie da cultura *mainstream*, banal e inimiga da complexidade.

Outra vez as democracias liberais están en risco, alí onde existen. Tanto en Estados Unidos como en Europa, a ultradereita estase facendo co control da axenda, establecendo como prioritarios os seus temas –a inmigración, a xenofobia: o nacionalismo de estado e o nativismo -. Trump. Orban e Meloni, Wilders, Le Pen, Abascal, AfD, os Demócratas de Suecia, o Partido dos Fineses.. a extrema dereita ascende por todas partes.

Ao tempo, os máis profundos valores democráticos en refluxo. Toda unha cosmovisión está debilitándose. Eses valores están sendo substituídos en moitos países por meras consultas electorais que poden ser congruentes con abrir paso a solucións iliberais ou directamente autoritarias. Está en curso un devalo ou unha dexeneración das democracias.

Este ano 2024 pode ver, nos Estados Unidos, a vitoria de Trump. Hoxe está en cabeza nas enquisas. En Europa, as eleccións europeas de Xuño poden traer consigo a vitoria da ultradereita. A Unión Europea foi un produto da posguerra: da vitoria sobre o fascismo. O consenso sobre o que foi creada foi o do pacto entre socialdemócratas e demócrata-cristiáns. Agora, o corpo de ideas co que naceu está en perigo. De producirse un desprazamento do eixe europeo sería o cambio

dun modelo. A UE perdería a súa alma. Poden volver tempos escuros? Non estou seguro de formulalo como pregunta ou como afirmación.

Fóra do que chamamos Occidente, Putin, Erdogan, Milei, Netanyahu, Modi, son nomes que forman parte desa corrente global que vira ao autoritarismo. Na China ensaian formas de vixilancia social que remedan as distopías de Black Mirror. Non todo o que podemos esperar da IA (Inteligencia Artificial) é positivo. Non sería bo pensar que estamos a salvo: calquera día podemos ter unha Stasi á porta da casa....

No fondo do cadro, o asunto maior. Non hai liña de horizonte. Non hai futuro. A imaxinación social está en horas baixas. Pero iso é o que necesitamos: un sentido de que imos na boa dirección. A convicción de que existe un lugar amable e pacífico ao que dirixirnos. E a restitución do sentido moral e do valor da cultura para redefinir, con humanidade e sen perder a noción do enigma, o mundo no que vivimos.

Debería haber un xiro na época. Camiñar lonxe dos proxectos distópicos que poñen negro o panorama. Ten que retornar un espírito de confianza en novas metas e nas bondades dunha sociedade pacificada.

O progresismo, ou simplemente a defensa dos valores humanos xenéricos, como os que exhibe o Papa Francisco na encíclica *Fratelli Tutti* sobre a fraternidade e a amizade social, non pode ser meramente reactivo. Necesita elaborar un horizonte, poñer en pé paixóns alegres.

Despois da caída do Muro de Berlín e do apoxeo do neoliberalismo, os tempos ameazan con volverse escuros. Temos a esperanza de que ese horizonte se disolva e nubes claras de paz e liberdade gañen a batalla, pero o certo é que esas ameazas existen.

Nunha paisaxe así, a tradición liberal do galeguismo que se remonta ás súas orixes no republicanismo federal de Antolín Faraldo, Murguía, Curros Enríquez, etcétera; ao grupo coruñés que proviña desa xenealoxía e, mesmamente, o propio libera-

lismo de Plácido Castro, absorbido in situ na Gran Bretaña, son referentes non de pasado, senón de futuro. Precisamente porque hai que defender o que está en risco e aquilo cuxa existencia non podemos dar por descontada.

II) Dúas ou tres consideracións previas sobre liberalismo

Sobre todo, convén non identificar liberalismo e neoliberalismo: o universo mental dos Hayek, Friedman, Ayn Rand, etcétera. Sobre todo, convén rescatar ao liberalismo político do seu secuestro por unha metafísica militante que reduce todo o espazo social ao ámbito do mercado, e que promove a conversión de cada individuo e de cada aspecto da vida humana a mera mercadoría.

O neoliberalismo, como arma de combate anti-progresista, é unha visión unívoca, dogmática, reduccionista e contraria ao pluralismo inherente á tradición liberal. E, ata diría, contraria tamén ao pensamento conservador, dado que suxire un futuro radiante e unha sociedade transparente utópica, a impoñer a través da dor social. O neoliberalismo é un leninismo de dereitas.

Convén lembrar que, dun modo moi xenérico, o liberalismo político naceu sobre o pano de fondo da oposición ás monarquías absolutas. É dicir, naceu para impedir a concentración do poder nunha única man. No Rei ou no Ditador. De aí a división de poderes, que Montesquieu teorizou.

Así pois, no epicentro da posición liberal está evitar a concentración de poder. Facer anacos o exercicio do poder para facer posible que circule o aire da liberdade. Lembren a cita de Lord Acton “o poder corrompe e o poder absoluto corrompe absolutamente”. Un *dictum* que, por certo, continúa dun modo menos usualmente referido: “Os grandes homes son, frecuentemente, malos homes”.

Dende Locke, o federalismo, ou sexa, a distribución do poder en diversas instancias, pode ser visto como outro modo de ser do liberalismo, na súa oposición a un poder concentrado. O propio Montesquieu propón, cando menos para Estados de certa dimensión, a fórmula federativa.

Estados Unidos é un caso particular da asociación entre federalismo e liberalismo republicano. En Norteamérica fóronse configurando unhas institucións liberais que, ao establecer unha división vertical dos poderes, intentaban ofrecer unha garantía adicional aos dereitos individuais consagrados na lei fundamental. Na dirección inversa, o centralismo xacobino, da liña Robespierre-Rousseau, enlaza co autoritarismo iliberal.

A outra gran noción central do liberalismo, que podemos asociar a Stuart Mill, é a de que a liberdade existe non só alí onde está establecido o principio democrático, o poder das maiorías, senón, máis consistentemente, alí onde cada individuo posúe dereitos inalienables que ningún poder pode cuestionar.

O principio individualista pode ser enunciado así: cada individuo debe poder ser libre para escoller e modelar a súa identidade, porque son diversas as formas nas que os seres humanos poden declinarase a si mesmos. O dereito a ser excéntrico, á creatividade, está no cerne de toda sociedade democrática que mereza ese nome.

Polo demais, iso que denominamos liberalismo, como se ten sinalado por Harold J. Laski, Isaiah Berlin e moitos outros tantas veces, non é unha doutrina pechada. Non hai un liberalismo. Hai moitos modos de liberalismo, ás veces conflictivos entre si.

En España, por exemplo, o liberalismo foi, de xeito recorrente, interpretado, por certas e moi particulares voces, como o axente da construción do Estado e, a fortiori, da Nación, en especial no período de Isabel II.

“La construcción del Estado en España. Una historia del siglo XIX” (Madrid, Alianza ed., 2019) de Juan Pro, por exemplo, constitúe un vademecum do que poderíamos denominar, seguindo a estela do libro de Marx, “A ideoloxía española” contemporánea. Pro escribiu un libro sobre o Estado cheo de auténtica paixón amorosa, prendado do seu obxecto. Bébedo de Estado e de centralismo, no que o Liberalismo da Restauración monárquica, Estado e Nación se confunden. Pro estiliza a construción do Estado ata o indicible, e obvia, coma se fóra espuria, a material-

dade do século XIX, os conflitos e as guerras, as esperanzas e as posibilidades non realizadas de ruptura. Torrijos ou a I República nin están nin se lles espera.

Pero nesa perspectiva, pásase por alto o feito de que Antolín Faraldo, Murguía, Curros Enríquez e unha parte significativa do inicio do galeguismo provén do republicanismo federal, que é unha derivada das formas máis avanzadas de liberalismo.

Por suposto, esa expresión do liberalismo do dezanove non só operou en Galicia. A Junta de Ándujar en 1835, a Constitución de Antequera en 1883, o Pacto Federal Castellano, entre outros acontecementos, ofrecen unha pista da miríade de combates, algúns case esquecidos, que marcaron o século. A influencia de Proudhon, Pi y Margal, foi profunda. A evolución do Partido Demócrata a Partido Republicano Federal da conta de como o liberalismo demócrata-republicano defendeu o federalismo e, ás veces, o iberismo, propugnando a unión con Portugal.

Ese fío vermello, a complexidade do liberalismo do dezanove, tal vez está por estudar como se debe. O falecido José Antonio Durán ten avanzado algún elemento. Tamén Manuel Artime, (en “España. En busca de un relato”, Dykinson, 2016) dá conta da riqueza dos conflitos e das demandas democráticas que marcaron a súa historia pero que a historiografía hexemónica tende a obliterar.

III) Un esquema. Un fío vermello a recuperar

Fagámonos, pois, esta pregunta: en que sentido pode iluminarnos a figura de Plácido Castro a día de hoxe?

E a resposta pode ser esta: Plácido Castro pode ser un dos referentes para unha reorientación, declinada no marco do liberalismo, do galeguismo e do nacionalismo contemporáneo.

O nacionalismo contemporáneo, aquel que tivo a súa orixe intelectual e política nos anos sesenta do pasado século, operou un corte epistemolóxico entre si mesmo e o previo á guerra civil.

Un corte determinado polo momento histórico, polas modas e correntes daquela década. Pero a época de Plácido Castro e, de forma específica, a súa orientación política merece unha atención máis detida.

Ese corte epistemolóxico debería ser salvado a efectos de orientación no día de hoxe. Non debería ser ocioso tomar en consideración a visión federalista e liberal, que ven de moi lonxe no galeguismo e que podería facilitar unha mellor acomodación ao marco mental democrático do nacionalismo contemporáneo e de interiorización dos seus valores.

Esa profesión de fe na democracia liberal non a facilita o pano de fondo maoísta, que opera como unha sorte de *carta roubada*. Como a carta do relato de Poe, está aí, opera e ten efectos políticos, á vista de todos e, ao mesmo tempo, ninguén o ve. Facer unha hermenéutica que poña ao claro e illustre os implícitos que proceden dese horizonte non é unha tarefa banal.

Ese pano de fondo debe ser arrombado para proceder a unha lectura da sociedade galega contemporánea máis aquelada e que de conta do que é: unha sociedade occidental, cos seus máis e cos seus menos, pero que ten instrumentos dentro da orde democrática para construírse a si mesma e orientar e redefinir o seu futuro

A posición de Plácido Castro, oscilante, como a do seu partido, o Partido Galeguista, pero, no básico, inclinada cara ao federalismo, estivo guiada polo anhelo da acomodación da realidade nacional galega dentro dun Estado que recoñecese a súa diversidade interna, como o facía a Gran Bretaña, con Escocia, Gales ou, mesmo, o caso tan especial de Irlanda: para Plácido ese país podía seguir vinculado dalgún modo á monarquía británica, exercendo un autogoberno pleno. O separatismo só era a opción teórica de resposta ao non recoñecemento da individualidade galega.

A figura de Plácido Castro nos permite, efectivamente, axudar a reconstruír o nexos entre liberalismo e galeguismo. Plácido é un dos mellores expoñentes da fusión dos dous aspectos no seu pensamento e na súa vida. As xeracións do galeguismo de entre guerras oscilaban entre o

influxo do antimodernismo da cultura de dereitas europea -de raíz nietzscheana, tipo Maurras- e a adhesión ao republicanismo burgués, que tiña unha tradición propia en España: a do republicanismo federal.

Se hai que incardinar ao grupo Nós na primeira póla, o grupo da Coruña, no que cabe destacar a Antón Villar Ponte, auténtico mentor de Plácido Castro, formaba parte do segundo eixo, o do liberalismo galeguista coruñés, que tiña unha raíz republicana federal. Lembremos que ese republicanismo foi a matriz de Faraldo, Murguía, Rosalía de Castro ou Curros Enríquez, entre tantos outros, e constituía a banda esquerda do liberalismo: aquela que foi derrotada na Primeira República. Agora ben, a potencia cultural da Xeración Nós deixou en sordina a tradición republicana e liberal. Así, o nexa entre galeguismo e liberalismo foi esquecido pola xeración de nacionalistas que agromou na Transición.

A xeración que despois ía protagonizar a Transición estaba marcada polo seu propio contexto político. Na década dos sesenta as loitas de liberación nacional marcaron a axenda e o marco mental. Ao tempo, os intelectuais vencellados ao movemento eran de cultura francesa, así que o prisma co que pensaron Galicia era o de xente como Robert Lafont, autor dun libro moi influente *La revolution regionaliste*. Lafont inspirou a Xosé Manuel Beiras e estaba ligado ao occitanismo ou a outros autores marcados pola cuestión alxeriana, tan decisiva na Francia dos 60 -Albert Memmi, Frantz Fanon, etcétera-.

En realidade, pódese dicir que se para os galeguistas de entre guerras Irlanda era o paradigma nuclear, aquel co que se sentían máis identificados, para a nova xeración Alxeria, un dos procesos de descolonización, que tiveron lugar nos anos sesenta, ocupou o centro. Todo baixo un pano de fondo, no que despegaba o Movemento de Países Non Aliñados e o maoísmo era visto por unha parte dos rapaces do 68 como unha alternativa á esclerótica Unión Soviética.

Non pode deixar de sinalarse que había no maoísmo un fondo agrario que parecía conxeniar ben cunha tradición galeguista que tendía a identificar –erroneamente- á nación co campesiñado. En realidade, hai que apuntar que, por ironías da historia, o antimodernismo de dereitas da Xe-

ración Nós atopou dalgún modo unha canle ou un eco nese gauchismo para o que apenas existía outro nacionalismo na preguerra digno de consideración que non fose o de Nós.

Tamén cabe mencionar a dimensión federal. O galeguismo político dos anos vinte e trinta oscilou nas súas demandas, dependendo do contexto, pero o federalismo foi a política usual: era aquilo ao que o momento histórico e a correlación de forzas permitía aspirar. Ao fin e ao cabo, o galeguismo non estaba só. Tanto onte coma hoxe, depende das ventás de oportunidade que son capaces de abrir Cataluña e Euskadi. Sen a potencia desas realidades, Galicia seguiría o camiño occitano.

En definitiva: galeguismo, liberalismo, federalismo nun estado plurinacional. Un reino perdido. Tal vez un fío vermello a recuperar.

Un fío que tivo relativa continuidade ata a morte de Franco. Cando sucedeu a Transición certos galeguistas, os así chamados “históricos”, xa con anos no lombo, con anos e coa experiencia de distintas derrotas, seguían aí. Nun manifesto dado á luz en 1977, antes das primeiras eleccións. Os asinantes, entre os que se contaban Rafael Dieste, Luís Seoane, Valentín Paz Andrade, Ricardo Carballo Calero, Ramón Piñeiro, Ricardo Palmás, Isaac Díaz Pardo ou Xenaro Mariñas del Valle, demandaban

Un pacto galego no que os seus firmantes se comprometan a defender os dereitos do noso pobo é posible e necesario. A defensa debería de se establecer en dous niveis: en primeiro lugar, defendendo a estrutura federal do Estado como fórmula idónea para que este poida asumir democraticamente a pluralidade da España real; en segundo lugar, e para o caso de que a fórmula federal non prosperase, a representación galega tería que reclamar para Galicia os mesmos dereitos autonómicos que se lles recoñecesen ás outras nacionalidades. Ou sexa: en primeiro lugar, a defensa do Estado federal; en segundo lugar, a defensa da fórmula autonómica. No resto dos problemas a dilucidar nas Cortes, os representantes galegos poderían seguir a liña política dos seus partidos ou os ditados da súa conciencia.

Como é evidente, foi unha proposta que non prosperou, pero que merecía ser considerada, especialmente á luz do que veu despois. O federalismo como horizonte, proposto coa cautela de quen coñece a dificultade, desapareceu no sucesivo como un faro para orientarse no camiño.

IV) O signo dos tempos nos anos sesenta do século XX

En fin, chamádeme tolo se queredes, pero, na miña opinión, o nacionalismo galego contemporáneo está equivocado nos seus fundamentos filosófico-políticos. Dende logo, era comprensible que os rapazolos de entón se deixaran levar polo que entón era moda, ou o signo dos tempos. En París, Jean Paul Sartre, o *maître à penser* do momento, escribía en 1968, no maio francés, *O medo á Revolución* para cuestionar o reformismo do PCF e impulsaba o maoísmo como modo de renovar o legado do movemento comunista. En Europa, moitos pensaban que a China era a alternativa á esclerótica e burocrática URSS. Ninguén se acordará hoxe, pero os vinte e cinco puntos de Pequín supuxeron unha inflexión nos puntos de vista de, sobre todo, moitos estudantes de esquerdas. Apareceron partidos maoístas como cogomelos despois da chuvia.

Os sesenta eran outra época. Era o Che Guevara en Bolivia, os Montoneros en Arxentina e os Tupamaros en Uruguai. A revolución cubana estaba moi recente e, en todo o planeta, os movementos anticolonialistas daban á luz novos países. Dende o FLN alxerino ata o MPLA ou o FRELIMO, en Angola e Mozambique unha onda expansiva parecía continuar o xiro á esquerda que no mundo supuxera a derrota do fascismo e as potencias do Eixo na Segunda Guerra Mundial. De Berkeley a Berlín, os estudantes parecían anunciar unha nova xeración de transformación social. Nos Estados Unidos o SDS, os Panteiras Negras, pero, sobre todo, a oposición á Guerra de Vietnam, marcaban a atmosfera. Máis cerca, en Irlanda, o Sinn Fein enfrontaba ao exército inglés despois do *Bloody Sunday*.

Os nados despois do setenta non teñen, non poden ter, nin idea do diferente que era o mundo. Nados no período democrático e no benestar, a súa imaxinación está, comprensiblemente, circunscrita á súa experiencia. Pero é un dato que o que nos sesenta se tiña por obvio e natural, a marcha imparabile da Historia, mudou, entre tanto, de dirección. A partir de Reagan e Thatcher,

as sociedades occidentais fixéronse máis e máis conservadoras. Nunha ocasión, Margaret Thatcher declarou que as súas políticas privatizadoras non ían de economía senón de conquistar a alma da xente. Foi un obxectivo alcanzado en boa medida.

Con todo, España e Portugal seguiron ritmos un pouco diferentes, dado que eran países máis atrasados e soportaban dúas ditaduras. En España, os anos sesenta deron como resultado índices de medre económico espectaculares, despois do retroceso e a implosión que significaran a guerra e a autarquía. Naquela década, o movemento obreiro e o estudantil marcaban unha pauta que se estendía socialmente como unha mancha de aceite. O PC medraba como a espuma, pero tamén os grupos á súa esquerda. En Euskadi e Cataluña as reivindicacións nacionais mostraban o fracaso centralizador de Franco, aínda que ETA non tiña nada que ver coa Asemblea de Cataluña, a plataforma que conseguiu unir á oposición dun modo consistente para preparar as bases do retorno á democracia.

En fin, que era natural que os rapaces da época máis espelidos estiveran influídos, mesmo cegados, polo horizonte daquel tempo. E así foi que o nacionalismo galego, ou a póla que estaba chamada a ter máis éxito no futuro, pasou de ser un grupo de esquerda máis ben delicuescente – a UPG do inicio- a abrazar as teses que marcaron a historia do que hoxe é o BNG.

Especialmente a partir das folgas do 72 alguén transplantou para Galicia os supostos básicos do maoísmo. Á altura de 1974 a UPG definíase a si mesma como “Partido Marxista-Leninista pensamento Mao Tse-Tung”. A idea era que nas colonias había que supeditar o programa máximo, o da revolución socialista, á loita de liberación nacional. Así, había que fraguar unha fronte de liberación nacional –labregos, obreiros, mariñeiros- dirixida, naturalmente, polo partido comunista, fronte ao Estado Imperialista Español. Ese era o camiño á independencia.

Sun-Yat-Sen, Albert Memmi –o *Retrato do colonizado*-, Frantz Fanon, formaban parte do retablo das influencias. O libro máis lido da época *O atraso económico de Galicia*, aínda que difería nas súas teses non só non conseguiu mover ese marco mental. Máis ben un certo aire de familia facíao solidario delas. A expresión “Colonialismo *interior*”, tomada do occitano Robert Lafont, non

desdicía do substantivo “*colonialismo*”. A escola económica da Teoría da Dependencia –Theotónio dos Santos, Samir Amin, André Gunder Frank, González Casanova, etcétera- marcaba o paso nunha lectura do fenómeno diferente da do autor francés, pero que confluía con ela no imaxinario. Un libro de López Suevos e Francisco Rodríguez “Do capitalismo colonial” marcou o paso.

A URSS fixo implosión e a República Popular China encetou o seu particular camiño cara un capitalismo de Estado. Nada é xa como antes, aínda que algúns, desdeñando a Heráclito, queren seguir bañándose no mesmo río. Non pode ser: non é dialéctico. Cabe pensar que o socialismo realmente existente converteuse nunha réplica do capitalismo, e que os modelos de modernización, industrialización, urbanización son afíns aos occidentais. Os bloques de edificios dos anos sesenta en Nova York son os que hoxe se erguen en Wuhan, ou outras cidades chinesas. O capitalismo constitúe o horizonte da época, o que non era evidente décadas atrás. Mesmo ameaza en devir feudal e oligárquico, así en Oriente coma en Occidente. O espírito do tempo sopra á dereita. Pode que algún evento, catastrófico ou non, cambie as cousas. Ningún sistema social está inmunizado contra o derrubamento. Vivimos tempos líquidos, lembremos.

A transformación de Galicia tamén foi extrema. A desagrarización foi moi veloz e a Galicia de hoxe é urbana, cun alto nivel educativo e unha estrutura social e económica que contrasta pouco co promedio europeo. En porcentaxe, ten máis peso o sector industrial que no total español. O estado do benestar ten un peso que damos por sentado pero que nos anos sesenta deixaba moito que desexar. Non cabe dúbida de que Galicia viviu unha época de desenvolvemento efectivo.

No político, Galicia pasou a ser unha comunidade autónoma do Reino de España que, á súa vez, forma parte da UE. Hai democracia, existen liberdades e autogoberno: dereitos de cidadanía. O horizonte de Galicia ten que partir desa caracterización e desa realidade. Aquel pano de fondo que constitúe o marco mental do nacionalismo e que xa no seu momento renxía ten aínda menos que ver a día de hoxe co país que temos diante dos ollos. A estrutura social e a mentalidade son radicalmente diversas. Aínda peor é que o que era unha teoría posible entre outras pasara a adquirir a condición de dogma.

V) Dúas culturas políticas e intelectuais no nacionalismo e galeguismo dos anos vinte e trinta do século XX

Agora demos un pequeno paseo intelectual polos anos vinte e trinta do século XX. Realicemos unha proba de contraste entre un nacionalismo marcado pola atmosfera dos sesenta –a das independencias de países do terceiro mundo; a dos Movemento de Países non Aliñados; a dos movementos estudantís do 68 e a Nova Esquerda- e os, a priori, políticos e intelectuais, do galeguismo de preguerra, marcado pola atmosfera do primeiro terzo do século XX. Ese contraste pon en evidencia as discontinuidades e tal vez encerra unha lección.

Como se sabe, o galeguismo dos anos vinte estivo marcado pola dialéctica entre o grupo ourensán e o coruñés, como dous polos dunha realidade máis matizada e complexa. O grupo ourensán, o cerne da Xeración Nós, tiña maior peso intelectual mentres que no núcleo da Coruña o paradigma máis consistente era aquel que compartía os seus *a priori* co que podemos denominar “esquerda burguesa” republicana.

Os da Coruña eran máis “políticos”, estaban máis guiados polas cuestións relativas á eficacia, o que explica as súas voltas e reviravoltas coa ORGA, o partido que contribuíron a crear con Casares Quiroga. Destacan entre eles Antón Villar Ponte, tan decisivo na vida de Plácido Castro ata o punto de ser o seu mentor ou Lois Peña Novo, os dous representaban un certo pragmatismo na acción política do galeguismo. A atmosfera coruñesa, bastión republicano, impregnaba a actitude dos galeguistas herculinos. Ao fin e ao cabo, na xenealoxía do galeguismo, desde Faraldo a Murguía, está a experiencia do liberalismo “intransigente” que veu dar en republicanismo federal. En todo caso, ningún dos dous grupos –nin o ourensán nin o coruñés- se vería naturalmente representado na opción dominante do nacionalismo posterior á Transición.

Tamén cabe insistir no do seu perfil social, fonte tamén de grandes equívocos. Está claro que os do grupo ourensán eran de familias ben, ben conectados coas elites locais por orixe e extracción. Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas, Xaquín Lorenzo e, por suposto, Don Ramón Otero Pedrayo ou Vicente Risco atopábanse entre o máis selecto da sociedade ourensá.

No núcleo coruñés Manuel Lugrís Freire actuou como secretario nas xuntas xerais da *Sociedad General Gallega de Electricidad* durante dez anos, o que presume confianza con Barrié de la Maza. Tamén Lois Peña Novo, moi inclinado a asumir o marco urbano de progreso e a promover unha política industrial endóxena, tivo relación con Barrié. No mesmo momento, en Vigo, Valentín Paz Andrade era o avogado dos Armadores de Bouzas, mentres Xaime Illa herdaba o seu despacho nada máis nin nada menos que de Adolfo Gregorio Espino, alcalde de Vigo na ditadura de primo de Rivera. Os seus electores eran urbanos e mesocráticos. Nese sentido, Plácido Castro, fillo de industrial, non estaba enteiramente só. Facer a cartografía dos vínculos sociais do galeguismo da preguerra sería, creo, moi ilustrativo e desmentiría o modo en que son imaxinados os membros daquelas xeracións.

Permítanme outra anotación, no mesmo sentido, case persoal. O Antón García Hermida, comerciante, que se fixo secretario das Irmandades da Fala en Vilalba no ano 1916, cando se fundaron en Galicia, era o meu avó. A iniciativa tivéraa precisamente Lois Peña Novo. Santiago Mato Vizoso, o meu bisavó, era o presidente. Santiago Mato, por certo, foi un dos dirixentes das Irmandades máis constante en Galicia. O grupo estaba formado por 22 persoas, das que catro eran propietarios, unha un indiano/banqueiro, Manuel García Olano, seis comerciantes, un farmacéutico, un médico, Plácido Peña, catro avogados e tres estudantes universitarios. Dende logo, toda unha pequena representación dun certo *who's who* local, ben nutrida polo demais. Non eran unha anomalía eses perfís.

En fin, non intentarei ser provocador se afirmo que Vicente Risco e Otero Pedrayo, os dous máis grandes intelectuais galegos de preguerra, contábanse, para entendernos, entre os *pijos* do Ourense do seu tempo. Simplemente constato unha procedencia social e, se se quere, unha preferencia cultural. En *La Centuria*, a revista neosófica a través da cal se expresou Vicente Risco antes de transformarse en teórico do nacionalismo galego, pódese ler isto: «A arte de creación non se propón outra cousa que o esquecemento do mundo. Busca os paraísos artificiais. Quérese deixar atrás o acontecemento cotiá, tomar a escoba e voar ao sábado». O eco baudeleriano lémbraos que Risco gastou pose de dandi decadentista, entusiasta dos misterios da Rosa Cruz de Madame Blavatsky e do esteticismo do *À rebours* de Des Esseintes.

Certamente, Risco non tardou moito en intentar converterse no Xefe Supremo daquel novo movemento. Por onde apuntaba maneiras Risco pode deducirse dunha das miñas sorpresas de adolescente. Nun exemplar da *Teoría do nacionalismo galego*, escrita nos anos vinte, editado no Bos Aires da posguerra, puiden ler, non sen fregar os ollos e mirarme ao espello, que os galegos somos altos, louros e de ollos azuis -segundo o ideal ario- aínda que a terra e o sol nos tiveran ennegrecido. O que vin na imaxe causoume algunhas dúbidas.

Agora ben, non existía paradoxo algún no feito de que aqueles dous amigos pertencentes á boa sociedade ourensá deran o paso ao nacionalismo desde a súa actitude de xentes de alta cultura que ían envorcar na revista *Nós*. O nacionalismo estaba no ambiente. Eran os anos dunha atmosfera marcada por Nietzsche no intelectual e, no político, pola guerra franco-alemá. A influencia da *Action Française* de Charles Maurras foi enorme naqueles afrancesados conservadores -o lector curioso pode ler a detallada biografía de Maurras escrita por Stephane Giocanti (*Charles Maurras. El caos y el orden*. El Acantilado. 2010)-. Por non falar da Irlanda de Eamon de Valera ou a Polonia de Józef Pilsudsky. Ou, por suposto, a Cataluña de Francesc Cambó.

Eles non se situaban á marxe, senón que estaban na corrente central da súa época. Iso si: da corrente da cultura de dereitas. Non hai nada deshonoroso niso, aínda que a moitos así llo pareza por un reflexo case instintivo. Tal vez hai unha gran distancia entre o toque Risco e a devoción que sentía Otero polo Chateaubriand de *Las memorias de ultratumba* -un emblema dos que aínda hoxe consideran en Francia que a Revolución de 1789 foi un erro- pero calquera que os lea, aínda dun modo distraído, sabe que eran dous conservadores. Afirmar o contrario sería unha mistificación monumental. Justo Beramendi, entre outros, deixouno ben establecido no seu libro *De Provincia a Nación* (Xerais. 2008).

Lémbrese que Don Ramón Otero Pedrayo foi o único deputado galego que, na República, votou en contra da separación de Igrexa e Estado. Moi católico era tamén Antonio Losada Diéguez, o seu mentor, un profesor de filosofía de orixe fidalga, que bebía nas fontes do catolicismo social, tan influente na Galicia do momento a través dos sindicatos agrarios. En Losada podíase apreciar ese elemento de impugnación do liberalismo e do socialismo característico da Igrexa do

momento. Unha impugnación que, na versión anterior, carlista, fóra feita, unha xeración atrás, en nome da tradición: a fonte na que bebera outro dos ideólogos do galeguismo de dereitas, Alfredo Brañas, para proceder a unha idealización da Idade Media, entendida como contra modelo do presente.

A tese de fondo da xente da Xeración Nós consistía na afirmación de que Galicia é un pobo céltico e atlántico -por oposición aos semitas do sur- que posúe unha misión. Fronte a unha civilización decadente, caracterizada polo imperio da técnica, había que escoitar o chamado da raza, o impulso ao infinito que entre nós, como tamén entre os portugueses, nados da nosa póla, se denomina Saudade. Pero esa nostalxia do infinito convoca a unha volta ás orixes, á autenticidade do patrio e o esencial, por oposición á artificialidade da vida moderna.

O seu pano de fondo é o dunha certa cultura de dereitas de principios de século. A ambivalencia do nacionalismo galego de preguerra era acerca de como afrontar a modernidade: se asumíndoa ou combaténdoa. A diferenza obxectiva entre «dereita» e «esquerda» nacionalista tal vez radique nese punto. Heidegger demostra que esa cuestión, a de como dar unha resposta á modernidade, ben no sentido do seu rexeitamento, ben no de responder ao seu reto, levándoa á súa lóxica consecuencia, a do paroxismo da técnica, era unha pregunta que non só os nacionalistas galegos se facían.

VI) Relacións edípicas

Pode observarse a desemeallanza entre as diferentes perspectivas do galeguismo dos diversos períodos. De feito, o que acabo de referir é un universo que pouco ou nada lle dicía á xeración de nacionalistas que gañou protagonismo na Transición. Tan pouco que creo que nunca se lles pasou pola cabeza a idea de considerar ou aprender do galeguismo de preguerra. Case todos eles estaban cerca dos trinta anos e as súas ferramentas mentais viñan do marxismo que se destilaba na época, non sempre moi sutil. Teño dúbidas de que algún tivera clara conciencia da disparidade de horizontes entre eles e o pano de fondo mental das Irmandades da Fala, da Xeración Nós, ou, tanto ten, dun PG conformado no marco, político e mental, do republicanismo.

Esa xeración cometeu, ben rápido como é sabido, o asasinato edípico do Pai. Fíxoo, no plano literario, Méndez Ferrín, que en *Retorno a Tagen Ata* matou en Ulm Roam a Ramón Piñeiro. Que tiveran esa relación edípica é curioso e probablemente explica a paixón con que tomaron distancia. A escisión con aquela xeración de preguerra foi completa, absoluta. A lóxica e os argumentos do propio Ramón Piñeiro, de Xaime Illa Couto, de Francisco Fernández del Riego, de Valentín Paz Andrade, Lois Tobío, Ramón Martínez López entre outros, foi apartada ao inferno dos réprobos.

Era unha lóxica que non tiña por que ser aprobada, pero non pasaría nada se fóra considerada. De feito, eses galeguistas non tiveron éxito nos seus movementos de xadrez nin construíron nada consistente. Posiblemente carecían de órganos apropiados de percepción, aparte de ser débiles, estar divididos e ter xa certa idade. Pero aínda así non tería sido ocioso aprender da súa experiencia. Entender os escasos vimbios con que contaban para ensarillar unha opción.

A lexitimidade do novo nacionalismo foi construída sobre a obliteración, mesmo a cegueira acerca da política do galeguismo de preguerra, o que, a longo prazo, era un déficit. Intentar entender as circunstancias pasadas do galeguismo e as razóns da súa ineficacia ou falta de peso nunca estaría de máis. Podería dar pistas. Podería axudar a captar, con máis modestia, a dimensión das propias forzas.

Pero non sucedeu. Creio que, aínda hoxe, boa parte dos nacionalistas quedarían sorprendidos se coñeceran ben e de primeira man a mentalidade e os supostos dos nacionalistas de preguerra -Castelao incluído- e a dos seus discípulos e sucesores baixo a ditadura.

Todo movemento social necesita momentos de ruptura, pero tamén unha continuidade de fondo. Tal e como a memoria necesita descartar fragmentos do pasado, pero non pode nin eludilo nin elídilo, así o galeguismo necesitaba tomar en consideración a súa xenealoxía. Non é intelixente nin é razoable deixar de aprender das experiencias pasadas.

VII) Liberalismo político, redistribución do poder e políticas do recoñecemento na Galicia/España de hoxe

Plácido Castro foi un daqueles homes que encarnaron o galeguismo de preguerra. Fillo dun industrial, antigo deputado da Restauración, procedía, como unha parte significativa do galeguismo do momento, dun segmento relativamente elevado da sociedade galega.

Non estaba só nese perfil social. O que si era extraordinario, dende logo, foi a súa educación en Edimburgo, Escocia, e a súa enorme querenza polo espírito inglés. O seu papel foi decisivo na proxección internacional do galeguismo que buscaba un lugar nunha entidade –o Congreso das Nacionalidades Europeas- no que os cataláns xa estaban presentes dende o primeiro momento.

Foi hai noventa anos o momento culminante. Precisamente no pasado mes de Setembro celebrouse o 90 aniversario do recoñecemento de Galicia como nación no Congreso de Nacionalidades Europeas que tivera lugar en 1933 na cidade de Berna, en Suíza. Plácido Castro, que representaba ao Partido Galeguista, foi quen defendeu a declaración que finalmente foi aprobada. O documento, elaborado por Vicente Risco, sintetizaba os informes recollidos previamente polo secretario xeral do Congreso naquel momento, Edwald Ammende, estoniano, representante dos alemáns do Báltico.

A súa educación en Glasgow, e as súas simpatías polo Partido Liberal de Herbert Asquith e Lloyd George –os mesmos referentes de Keynes, case coetáneo seu- levárono a soste equilibrio entre a defensa do autogoberno irlandés e a comprensión dos dereitos británicos. Creo que é nese liberalismo político no que o galeguismo do século XXI podería inspirarse para abordar as que, entendo, son as dúas cuestións esenciais a día de hoxe para o galeguismo político. Unha é a que respecta á **redistribución do poder**, a segunda son as **políticas do recoñecemento**.

Redefinir palabras, crear conceptos, poden parecer cuestións modestas, e ata xogos de intelectuais. Pero cada transformación do campo semántico acostuma esconder un combate pola redistribución do poder.

Tomemos como exemplo o enorme debate que no século XIX tivo lugar entre Carlyle, o notable autor, impulsor da teoría de que son os Grandes Homes os que determinan a Historia e, pola outra banda, John Stuart Mill, o máis clásico entre os pensadores da póla liberal. Carlyle afirmara que a dominación dun grupo por outro, dos negros polos brancos, dos escravos polo seu amo era “natural”, mentres que Stuart Mill sinalou con grande acerto e cun acento incisivo que a xente soe considerar “natural” calquera situación que lles confira algún tipo de vantaxe ou superioridade. Foi mesmo máis aló: sinalou que aínda se tal dominación fose natural, acaso a lei humana non existe para contrarrestar a brutalidade da natureza?

A Stuart Mill o fatalismo de Carlyle parecíalle imposible de argumentar e no seu panfleto *The Negro Question* de 1850 afirmou que os seres humanos, calquera que fose a súa raza, non estaban predestinados a servir a outros. Similar criterio utilizou para combater tipos de suxeición moi parecidos como fixo no seu libro *A escravitude das mulleres*, un discurso contra “a suxeición das mulleres” ou mesmo en *Sobre a Liberdade* onde argumentou que non resultaba aceptable mesmo un pacto para venderse como escravo, algo que volve á actualidade se un contempla as actitudes de segundo que empresarios. A liberdade, parecíalle, é un ben inalienable.

Como o afirma a escritora feminista Phyllis Rose nun libro ameno e notable *Vidas Paralelas*:

“Os grandes movementos democráticos do XIX –a emancipación, o nacionalismo, o sufraxio universal, os dereitos das mulleres, mesmo o sindicalismo- tiñan en común que todos eles pretendían distribuír o poder fronte aos que mantiñan que aquel estado de cousas era por designio divino” .

Na España de hoxe, a da redistribución do poder é a cuestión máis controvertida. Dos grandes eixos que marcaron a historia de España no século XX, dous, o que afecta á cuestión relixiosa e o que respecta á cuestión social, parecen terse reconducido a espazos de consenso.

O terceiro, a así chamada cuestión territorial, ou, máis propiamente, a cuestión da plurinacionalidade do Estado, segue sen atopar unha fórmula de convivencia exenta de tensións. A Constitu-

ción consagrou a denominación “nacionalidades” no seu texto, pero moi logo se aprobou, despois do golpe de Estado do 23-F, e como efecto derivado, a LOHAPA, que pretendía reconducir nun sentido recentralizador a organización do Estado.

Máis tarde veu un período marcado pola participación dos nacionalismo catalán e vasco na gobernación do Estado –eran o verdadeiro partido bisagra- e por un Tribunal Constitucional que baixo o mandato do prestixioso xurista Manuel García Pelayo sorteou o núcleo daquela lei e na época de Francisco Tomás y Valiente –asasinado ignominiosamente por ETA- interpretou a constitución nun sentido aberto, digamos federalizador ou, polo menos, non recentralizador. Eran os tempos nos que o TC tiña credibilidade e lexitimidade polo prestixio e a relativa independencia dos xuristas que o compoñían.

Convén neste momento sinalar que, como o dixo moi ben nunha ocasión García de Enterría, un dos autores da LOHAPA, “No caso español parece evidente que a articulación final do sistema autonómico terá que ser responsabilidade última do Tribunal Constitucional”. É unha idea que tomou para si o PP. O partido conservador comprendeu que era a través das súas maiorías nese Tribunal e dándolle un nesgo instrumental, de pura ferramenta política, como podía proceder a unha verdadeira relectura da Constitución nun sentido retrógrado. Ese foi o papel que lle foi reservado na época de Aznar.

Era o mesmo momento en que, en Cataluña, se procedía a un intento máis ambicioso de camiñar na senda federal a través da aprobación dun novo Estatut. E as dúas realidades chocaron. Aquel Estatut foi aprobado polo Parlament de Cataluña, polo Parlamento español e sometido a referendo, e aprobado polo pobo de Cataluña. O principio de lexitimidade democrática estaba do lado do novo texto estatutario e non cabe dúbida ningunha de que non encerraba perigo algún para a unidade do Estado dado que funcionou seis anos sen que renxeran as cadernas da nave nin se producira ningún desencontro especial.

Pero o TC, na sentenza de 2010, procedeu a unha interpretación que, practicamente, deixa en mans do Estado, de modo unilateral, que competencias e atribucións lle caben á Comunidade

Autónoma e cales non. Foi unha nova versión da LOHAPA e, por tanto, unha ruptura do Pacto Constitucional entendido como un horizonte de cogobernanza. En vez de avanzar cara unha teoría do Estado que fose máis aló de Bodino, e das vellas concepcións da soberanía -de orixe teolóxico, como nos lembra Carl Schmitt- atopámonos, en certas expresións dos xuristas do TC, cun arume digno da escolástica máis obstinada.

Conceptos como Estado composto, gobernanza multinivel e federalismo asimétrico parecería que non existiran. De feito, por certo, a identificación entre Nación e Estado que emana da sentenza era precisamente o tipo de argumentación que o Congreso das Nacionalidades Europeas quería evitar, como fonte potencial de conflito que era.

O que o TC fixo, levado polo temor a unha España federal que recoñeza á súa pluralidade nacional, foi elaborar unha sentenza preventiva, que intenta agostar ese camiño. O politólogo Raimundo Viejo díxoo así: «A sentenza constitúe un pregamento identitario que se fai explícito na persistente alusión á «indisoluble unidade da nación española». Algo que, por outra parte, hai que dicilo, en absoluto estaba en perigo. É por outro lado, un repregue anacrónico: estamos na Unión Europea e os Estados, que ao fin e ao cabo cederon poder por riba a Europa sen tantos miramentos, poden conformarse internamente apelando a fundamentos menos metafísicos ou a argumentos menos peregrinos que os da árbore de Porfirio: aquilo de que España é o xénero e Cataluña a especie.

O que vale para Cataluña, vale para Galicia. E iso porque, como lembra Javier Pérez Royo, a Constitución define o exercicio do dereito á autonomía dos «territorios que no pasado tiveran plebiscitado afirmativamente proxectos de Estatutos de autonomía», é dicir, das «nacionalidades» recoñecidas no artigo 2 CE como titulares de tal dereito: Cataluña, País Vasco e Galicia. Non a contén para os demais.

O que podía estar en perigo, en todo caso, era a concentración do poder en mans do Estado. E eventualmente esa concentración de poder na súa sede física, Madrid. A ninguén pode ocultárselle que un dos motivos de fondo que operaban na elaboración do Estatut era a vontade de

reequilibrar a perda de peso específico de Cataluña en relación á capitalidade do Estado. Non é que os intereses de Galicia sexan os mesmos que os de Cataluña, evidentemente. Pero tampouco son os mesmos que os de Madrid.

Nun traballo académico "*Madrid, una región metropolitana entre la dispersión y el policentrismo*" debido ao xeógrafo da UAM Manuel Valenzuela en 2011 o autor facía estas reflexións

"A rexión de Madrid, na súa condición de nó articulador do conxunto da economía española e de nexo co sistema económico globalizado, saíu moi reforzada no proceso de reestruturación económica iniciada a partir da reactivación económica de mediados dos 80, retomada a partires de 1994 e acelerado dende 1997 ata 2007 en que estala a actual crise "

A ausencia dunha política de Estado á hora de darlle pulo á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, a desatención a un Corredor Atlántico que en orixe deixaba fóra Galicia do seu trazado, a necesidade de investimentos nas comunicacións por tren, tanto para favorecer a conectividade das cidades galegas coma o transporte de mercadorías, son só exemplos específicos de que a Galicia lle interesa unha redistribución de poder que non concentre todo o gasto na capital. Madrid non é España. O que a Galicia lle interesa é unha Península Ibérica en rede, que fomente unha economía de aglomeración con Portugal e estimule o seu propio desenvolvemento económico.

E a fórmula política que se corresponde con ese interese é, creo, a dun certo federalismo. Un federalismo que, como nos lembra Xulio Ríos, Castelao resumía no Sempre en Galiza:

"Autonomía integral de Galicia para federarse cos demais pobos de España, República Federal española para confederarse con Portugal; Confederación Ibérica para ingresar na Unión Europea; os Estados Unidos de Europa para constituíren a Unión Mundial"

En definitiva, o punto central é a **redistribución do poder**, tanto no aspecto xurídico e da organización constitucional, coma no do aspecto económico. Ese é, na miña opinión, o horizonte razoable.

O segundo aspecto no que o liberalismo nos pode iluminar ten que ver coas **políticas do recoñecemento**. Segundo o filósofo canadiano Will Kymlicka (vide "*Ciudadanía multicultural*", Paidós, 1996 e "*Las odiseas multiculturales*", Paidós, 2009) o Estado non debe verse como propiedade do grupo dominante

Que o utiliza para promover a súa identidade, a súa lingua, a súa historia, a súa cultura, a súa literatura, os seus mitos, a súa relixión, etc. e que define ao Estado como expresión da súa nacionalidade

Kymlicka sostén que:

"O multiculturalismo liberal consiste en que os Estados non só deben garantir o conxunto habitual dos dereitos civís, políticos e sociais que está protexido constitucionalmente en todas as democracias liberais, senón tamén adoptar diversos dereitos ou políticas concretas en relación con diferentes grupos que intentan atopar recoñecemento e acomodo".

Ese punto de vista resume o que está en xogo en España. Como concibir vínculos que nos unan e que non neguen as diferenzas nacionais internas? Como asegurar o obxectivo liberal que o filósofo canadiano enuncia así: "Os liberais deberían intentar asegurar que existe igualdade *entre* os grupos, así como liberdade e igualdade *dentro* dos grupos".

Dende logo, a experiencia dinos, non só en España, senón en boa parte do mundo -dado que son relativamente poucos os Estados homoxéneos- que o intento de supresión autoritaria das diferenzas non é o camiño. Agora ben, hai que recoñecer que a resposta a pregunta non é unívoca, e que, probablemente, non existen respostas simples e sinxelas a ela.

Pero, en todo caso, as relacións entre diferentes comunidades nun estado plurinacional deben asentarse no recoñecemento do autogoberno. Os poderes centrais deben promover a lealdade, exaltando –e non negando e reprimindo– as identidades nacionais dos pobos que conforman unha determinada realidade estatal. Ese recoñecemento contribuirá ao acomodo da diversidade. O ideal debería ser crear unha identidade compartida, liberal-demócrata, que parta do recoñecemento da diversidade.

Cando Plácido Castro afirma que:

“Todo esto lo podía hacer Galicia siendo gallega. Inspirándose en ese nacionalismo que nuestros enemigos llaman separatismo, cuando es verdaderamente nuestro punto de contacto con el mundo. Galicia galleguista no solo tendrá una intensa vida propia, sino que se hallará ligada a un conjunto de pueblos ibéricos, a una comunidad de países galaico-lusitanos, a una hermandad de tierras célticas — proyectando en cada uno su espíritu propio, recibiendo de cada uno el estímulo peculiar de su cultura—. Es decir, que tendrá una verdadera y genuina política exterior. Pero sin ser gallega no pasará Galicia de ser un trozo de territorio del Estado español, sin alma propia, flamenquizada poco a poco, y poseyendo como aspiración máxima la de caciquear con más o menos eficacia en los Ministerios madrileños. He ahí el universalismo de nuestros adversarios”.

... está clamando pola preservación dunha identidade en perigo, por unha política do recoñecemento e por unha redistribución do poder que non o concentre no vértice estatal.

O temor á perda da “alma propia” que expresa Plácido Castro, perda que o galeguismo intenta evitar, transfórmase en vergoña da propia identidade entre moitos galegos, temerosos tamén ao seu modo desa alma propia. Unha política simbólica do recoñecemento contribuiría a disolver tanto o temor como a vergoña. Unha nova narrativa e identidade compartida tanto interna en-

tre galegos como entre galegos, cataláns, vascos, etcétera, eliminaría moitas das tensións hoxe presentes no espazo público.

Agora ben, xustamente, un estado plurinacional debe velar por esa identidade. Como ideal, a comunidade debería estar fundada sobre os valores cívicos e democráticos compartidos, entre os cales o recoñecemento da diversidade. O federalismo multinacional, ao recoñecer esa diversidade podería contribuír a que as diversas identidades non aparezan contrapostas. Pode parecer evidente, pero ser un nacionalista galego, ou simplemente vulgar que Galicia é unha nación, pode ser unha das formas de sentirse español sen que ninguén -tirios ou troianos- se sinta conturbado.

No que a min respecta, entendo que as identidades -as políticas, as lingüísticas e as de andar por casa- han de ser lábiles. Un dos meus heroes literarios é o escritor, nacido na Galitzia polaca, cando pertencía ao imperio Austro-Húngaro, Joseph Roth, coñecido sobre todo por *A marcha Radetzky* e *A lenda do santo bebedor*. Cando morreu, preso dun *delirium tremens* nun hospital de París, ninguén sabía exactamente quen tiña que conducir as honras fúnebres. No enterro compareceron un rabino, dado que era xudeu, un sacerdote católico acompañado dos partidarios da vella monarquía austríaca, dada a súa nostalxia daquel imperio multinacional, tan elocuente nas súas obras, e, finalmente, elementos do socialismo alemán, dos que formara parte. Non necesitamos ser un.



www.fundacionplacidocastro.com/libros-da-fundacion-e-sobre-placido-castro

AS 25 CONFERENCIAS ANUAIS

- I Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Fernando Pérez-Barreiro Nolla** (Vilagarcía de Arousa, 25 de xaneiro de 2000): "Irlanda e as novas formas de vida internacional"
- II Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Ramón Lugrís Pérez** (Cambados, 25 de xaneiro de 2001): "Nós, os pobos das Nacións Unidas..." Fantasía e realidade dunha orde internacional.
- III Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Ramón Villares** (Vilagarcía de Arousa, 25 de xaneiro de 2002): "Portugal e o galeguismo".
- IV Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Félix Soria** (Cambados, 24 de xaneiro de 2003): "Galicia, un país de Europa".
- V Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Manuel F. Vieites** (Corcubión, 23 de xaneiro de 2004): "Plácido Castro no teatro galego: Preámbulo posible".
- VI Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Valentín Arias e Alberto A. LUGRÍS** (Vigo, Casa Galega da Cultura, 25 de xaneiro de 2005): "Significación e importancia de Plácido Castro no panorama da tradución en Galicia".
- VII Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Luis Álvarez Pousa** (Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2006): "A prensa galega no tempo de Plácido Castro".
- VIII Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **María do Cebreiro Rábade Villar** (Ourense, 25 de xaneiro de 2007): "A poesía en Plácido Castro".
- IX Conferencia Anual Plácido Castro, pronunciada por **Xosé Luís Barreiro Barreiro** (Baiona, 25 de xaneiro de 2008): "Plácido Castro e o debate sobre o celtismo en Galicia".
- X Conferencia Anual Plácido Castro 2009, pronunciada por **Ángeles Piñeiro Antelo** (Cambados, 23 de Xaneiro de 2009): "Plácido Castro e o seu modelo de desenvolvemento turístico para Galicia".

- XI Conferencia Anual Plácido Castro 2010, pronunciada por **Henrique Monteagudo** (Corcubión, 20 de xaneiro, 2010): "Linguas e educación, una reflexión ao fío do debate".
- XII Conferencia Anual Plácido Castro 2011, pronunciada por **Igor Ahedo Gurrutzaga** (A Coruña, 25 de Xaneiro de 2011): "Nacionalismo ¿unha teoría política vixente? ... Ou sobre a liberdade e a identidade nun mundo globalizado".
- XIII Conferencia Anual Plácido Castro 2012, pronunciada por **Miguel Ángel Martínez Quintanar** (Lugo, 25 de xaneiro de 2012): "Galeguismo e Saudade: a visión de Plácido Castro".
- XIV Conferencia Anual Plácido Castro 2013, pronunciada por **Anxo Angueira** (Pontevedra, 25 de xaneiro de 2013): "Plácido Castro, Rosalía e "Cantares Gallegos"
- XV Conferencia Anual Plácido Castro 2014, pronunciada por **Xosé Carlos López Bernárdez** (Cambados, 27 de xaneiro de 2014): "Plácido Castro e a arte galega do seu tempo".
- XVI Conferencia Anual Plácido Castro 2015, pronunciada por **África López Souto** (Muxía, 23 de xaneiro de 2015): "Plácido Castro e o humanismo, onte e hoxe".
- XVII Conferencia Anual Plácido Castro 2016, pronunciada por **Uxío-Breogán Diéguez Cequiel** (Bueu, 22 de xaneiro de 2016): "Plácido Castro, Johán Carballeira e os debates (e inqedanzas) do seu tempo".
- XVIII Conferencia Anual Plácido Castro 2017, pronunciada por **Justo Beramendi** (Fene, 25 de xaneiro de 2017): "Plácido R. Castro e a loita pola Autonomía de Galicia".
- XIX Conferencia Anual Plácido Castro 2018, pronunciada por **Xulio Ríos** (As Neves, 25 de xaneiro de 2018): "Plácido Castro e o universalismo galeguista".
- XX Conferencia Anual Plácido Castro 2019, pronunciada por **Xosé Estévez Rodríguez** (Rianxo, 25 de xaneiro de 2019): "O Galeuzca e Plácido Castro".
- XXI Conferencia Anual Plácido Castro 2020, pronunciada por **Xosé Luís Pastoriza Rozas** (Nigrán, 24 de xaneiro de 2020): "Rara avis: Plácido Ramón Castro del Río e o liberalismo galeguista".

- XXII Conferencia Anual Plácido Castro 2021, pronunciada por **Manuel Gago** (Fisterra, 17 de xullo de 2021): "Plácido Castro, a cultura galega e a xénese da recuperación do Camiño de Santiago".
- XXIII Conferencia Anual Plácido Castro 2022, pronunciada por **Afonso Vázquez-Monxardín Fernández** (Allariz, 25 de xaneiro de 2022): "As emisión en galego da BBC e Plácido Castro".
- XXIV Conferencia Anual Plácido Castro 2023, pronunciada por **Xavier R. Madriñán** (Oleiros, 25 de xaneiro de 2023): "A Irlanda de Plácido R. Castro: da claridade modélica á ambivalencia retórica".
- XXV Conferencia Anual Plácido Castro 2024, pronunciada por **Antón Baamonde** (Catoira, 25 de xaneiro de 2024): "Plácido Castro e a tradición do liberalismo político no galeguismo: un horizonte de futuro".

De libre acceso en: <https://www.fundacionplacidocastro.com/conferencia-anual>



<https://www.igadi.gal/web/publicacions>

A FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

A Fundación PLACIDO CASTRO ten por obxecto a reivindicación da figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río, atendendo á conservación e divulgación do seu fondo comprometido con Galicia e cunha visión universalista do mundo. A Fundación adica especial atención á difusión da súa obra artística e literaria, especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalística.

Entre os fins fundacionais cómpre salientar:

- a) O enaltecemento da figura de Plácido Castro.
- b) Favorecer as traducións ao galego de textos e obras, en especial de lingua inglesa.
- c) Apoiar as políticas de formación de xornalistas especializados en materia internacional.
- d) Apoio á radiodifusión en lingua galega.
- e) Estímulo dos estudos arredor do celtismo, a saudade e outros aspectos relativos á identidade galega.
- f) A promoción de debates e reflexións sobre temas internacionais, procurando a apertura dos horizontes exteriores de Galicia e a súa universalización.
- g) Fomentar os intercambios de Galicia co mundo británico e irlandés.
- h) Afondar nas posibilidades de apoio ao desenvolvemento do teatro e das artes plásticas en Galicia.
- i) Promover a edición de publicacións específicas arredor das actividades e preocupación de Plácido Castro, así como a realización de iniciativas que contribúan a un maior recoñecemento por parte da sociedade galega da súa obra e pensamento.

O Padroado da Fundación Plácido Castro está integrado polos Concellos de Cambados, Corcubión e Vilagarcía de Arousa, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional. Preside a Fundación, Susi Castro Sineiro.

A Fundación promove as seguintes actividades:

- a) Organización dunha Conferencia Anual coincidindo co seu natalicio.
- b) Convocatoria dun Premio de Tradución que leva o seu nome.
- c) Organización de coloquios, seminarios e talleres.
- d) Elaboración e promoción de exposicións.
- e) Promoción de circuitos culturais que teñan en conta a traxectoria vital de Plácido Castro.

Sede oficial e Arquivo permanente

Rúa Nova, 4 - 36630 Cambados (Pontevedra)

Secretaría

IGADI, Centro Cívico Sur - Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra

info@igadi.gal / www.fundacionplacidocastro.com

ESBOZO BIOGRÁFICO

Educado na Gran Bretaña, Plácido Castro (1902-1967) percorre unha viaxe vital desde o seu Corcubión de nacemento ata o Cambados da súa etapa derradeira. Este librepensador, dandi transterrado, dotado de múltiples calidades dispersas (publicista, músico, escritor, erudito, político, tradutor, xornalista, astrónomo, profesor de inglés ...) tivo unha determinante actividade na vida política e cultural do seu tempo.

Alentou as Irmandades da Fala, nas que prendeu a Galicia do seu soño; militou no Partido Galeguista de Bóveda e Castelao, sendo Secretario de Relacións Internacionais, ao que representaría no IX Congreso de Nacionalidades Europeas, no que Galicia, co seu discurso, obtén o aval de nación europea.

Plácido Castro é un dos Galegos na Historia, nesa Historia que se nos nega e na que homes e mulleres coma el aínda permanecen silenciados. A lingua galega, prohibida despois de 1939, escoitábase en Galicia ao sintonizar a emisora británica BBC; era a voz e a palabra de Plácido Castro que relataba a nosa cultura propia, no primeiro programa estable en idioma galego no mundo da radiodifusión.

(da biografía de Plácido Castro, Xulio Ríos, Ir Indo edicións, 1997).





plácido castro nós mesmos no mundo

*unha biografía interpretativa
do seu pensamento e
unha análise profunda
dos aspectos centrais
da súa traxectoria vital*

Solicita o teu exemplar gratuito
(gastos de envío para a península, 5 euros)
info@fundacionplacidocastro.com e en bit.ly/3s4f0Ud



CONCELLO DE CATOIRA